



MODIFICACIÓN DOS PRAZOS DE ADMISIÓN E MATRICULACIÓN.

A interrupción do procedemento de admisión pola declaración do estado de alarma modificou todas as datas que tiñamos previstas ata ese día. **A partir do 11 de maio restablecerase o prazo para a presentación das solicitudes de admisión de alumnado,** polo tempo que restaba cando se declarou o estado de alarma. Polo tanto:

MAIO							XUÑO							XULLO						
L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D	L	M	M	X	V	S	D
				1	2	3	1	2	3	4	5	6	7			1	2	3	4	5
4	5	6	7	8	9	10	8	9	10	11	12	13	14	6	7	8	9	10	11	12
11	12	13	14	15	16	17	15	16	17	18	19	20	21	13	14	15	16	17	18	19
18	19	20	21	22	23	24	22	23	24	25	26	27	28	20	21	22	23	24	25	26
25	26	27	28	29	30	31	29	30						27	28	29	30	31		

	Presentación solicitudes admisión alumnado
	Ata o 26 de maio, presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo, cando a demanda de prazas escolares sexa superior á oferta
	Listaxes provisionais do alumnado admitido e non admitido
	Data de publicación Listaxes definitivas do alumnado admitido e non admitido.
	Formalización da matrícula en educación infantil e primaria, secundaria e bacharelato.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN.

O prazo para formalizar a **presentación das solicitudes de admisión de alumnado** reiniciará o **día 11 de maio de 2020 e rematará o día 18 ás 14:00 h** do mesmo mes (ambos inclusive)

PRAZO PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA.

O prazo para formalizar a **MATRÍCULA** comezará o **1 de xullo e rematará o 10 de xullo** do mesmo mes(ambos inclusive)

Todo o alumnado que viva no Concello de Lugo terá a máxima puntuación no centro que lle corresponda por área de influencia do seu domicilio e a propia nas áreas limítrofes.



Novos prazos do procedemento.

1. Presentación da documentación acreditativa dos criterios de **baremo: ata o día 26 de maio de 2020.**
2. Publicación das listaxes **provisionais** do alumnado **admitido e non admitido: 8 de xuño de 2020 ás 14:00 h .**
3. Poderanse formular **reclamacións** contra as **listaxes provisionais** no prazo de **3 días hábiles** contados desde o seguinte ao da súa publicación.
4. Publicación das **listaxes definitivas** do alumnado admitido e non admitido: ata o **18 de xuño de 2020 ás 14:00 h.**
5. Formalización da **matrícula en educación infantil e primaria:** do **1 ao 10 xullo de 2020.**
6. Formalización da **matrícula ordinaria en educación secundaria obrigatoria e bacharelato:** do **1 ao 10 xullo.** Prazo extraordinario: do 1 ao 10 de setembro de 2020.

Acceso ao centro: *Pola porta principal, rúa Bolaño Rivadeneira pola rampla da marxe esquerda, “Atención en ventanilla” e saída pola rampla da marxe dereita (estará debidamente sinalizado). É recomendable adoptar as medidas de autoprotección das que dispoñan, así como manter a distancia física de seguridade.*

Horario de atención ao público: De 09:00 a 14:00h.

Adxudicación subsidiaria de postos escolares.

Con carácter excepcional, non se constituirán as comisións de escolarización. Todas as funcións para a adxudicación subsidiaria de postos escolares que se atribúen ao dito órgano do proceso de admisión serán asumidas e desenvolvidas polos servizos territoriais de Inspección educativa de cada unha das xefaturas territoriais da Consellería.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP BENIGNO QUIROGA BALLESTEROS

código de centro 27006395

Rúa Bolaño Rivadeneira s/n 27001 – L U G O

Tfno. : 982828190 /91 Fax: 982828193

E-mail: ceip.benigno.quiroga@edu.xunta.es



NORMATIVA DE REFERENCIA:

DOG N° 86 de mércores, 6 de maio de 2020.

- Resolución do 5 de maio de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se da publicidade a diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop) do 5 de maio de 2020.

- artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (novos prazos do procedemento)